

2009

**BASES CONVOCATORIA AXUDAS  
PROGRAMA LEADER GALICIA 2007/2013  
ASOCIACIÓN GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL  
MANCOMUNIDADE ÁREA INTERMUNICIPAL VIGO – BAIXO MIÑO  
(GDR-18)**

**Aprobadas Xunta Directiva 10/12/2009**

**Aclaración Apartado “Relación Empleo Creado Inversión Elixible”  
Criterio Incidencia Empleo Baremo Actividades Productivas  
Aprobada Xunta Directiva 10/06/2010**



FEADER

FEADER:  
Europa inviste no rural



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



## ÍNDICE

<b>1.- INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES .....</b>	<b>3</b>
<b>2.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN E TERRITORIO ELIXIBLE.....</b>	<b>4</b>
<b>3.- PROMOTORES BENEFICIARIOS .....</b>	<b>5</b>
<b>4.- TIPOLOXÍA DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES.....</b>	<b>7</b>
<b>5.- PRAZO, LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDA .</b>	<b>11</b>
<b>6.- FONDOS DISPOÑIBLES E CADRO FINANCIERO DO PROGRAMA .....</b>	<b>14</b>
<b>7.- BAREMO PARA A AVALIACIÓN DOS PROXECTOS .....</b>	<b>15</b>
<b>8.- RÉXIME DE COMPATIBILIDADE E ACUMULACIÓN DE AXUDAS.....</b>	<b>37</b>
<b>9.- NORMATIVA DE APLICACIÓN .....</b>	<b>38</b>

## 1.- INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES

Cara a execución do novo Programa Leader 2007/2013, continuación de anteriores programas e períodos, existen en Galicia 31 grupos de desenvolvemento rural que cobren todo o territorio autonómico, que colaboran coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) que é un ente público adscrito á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.

Neste senso, con data 27 de xaneiro de 2009 formalizouse o convenio de colaboración entre AGADER e a Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e Baixo Miño (GDR-18). Dita entidade vai a ser a encargada da xestión do novo programa europeo de desenvolvemento rural Leader Galicia 2007/2013 nas comarcas de Vigo e do Baixo Miño.

O obxectivo do Programa Leader é dinamizar e conquistar un desenvolvemento endógeno e sostible do territorio rural, tanto a nivel económico, social como medioambiental, a través da xeración de sinerxías no tocante ao fortalecemento e á diversificación produtiva do tecido empresarial e da actividade económica, especialmente da pequena e mediana empresa, no relativo á fixación da poboación rural e á elevación das rendas e do benestar social dos seus habitantes, así como na valorización e conservación do patrimonio natural e cultural. O obxectivo xeral do Programa Leader articúlase ao redor de tres medidas operativas:

- 1) Aumento da competitividade do sector agrogandeiro e forestal.
- 2) Mellora do medio ambiente e do contorno rural.
- 3) Mellora da calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural.

## 2.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN E TERRITORIO ELIXIBLE

O ámbito de actuación do GDR-18 está formado por 15 concellos: A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Oia, O Porriño, O Rosal, Pazos de Borbén, Redondela, Soutomaior, Tomiño, Tui e Vigo.

Atendendo á normativa de aplicación, do ámbito xeográfico de actuación sinalado hai que excluír as entidades de poboación de máis de 2.000 habitantes es os parques empresariais dos concellos non considerados como Zonas de Reequilibrio do Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010.

Polo tanto, **non serán subvencionables os proxectos localizados en solo urbano** das seguintes **entidades singulares**:

- **A Guarda (A Guarda).**
- **Santa María de Baiona (Baiona).**
- **O Porriño (Porriño).**
- **Angorén, Laredo e Redondela (Redondela).**
- **A Calle (Soutomaior).**
- **Tui (Tui).**
- **A Bagunda, A Ceboleira, Freixeiro, Pardavila, Pereiró e Vigo (Vigo).**

**Tamén quedan excluídos todos os parques empresariais do territorio GDR-18 excepto os ubicados nos concellos de Fornelos de Montes e Pazos de Borbén.**

### 3.- PROMOTORES/-AS BENEFICIARIOS

Poderán ter a condición de beneficiarios/-as de proxectos os seguintes tipos de promotores/-as:

- 1) Persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.
- 2) Entidades públicas de carácter local ou comarcal (entidades locais menores, concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores).
- 3) Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

Os beneficiarios haberán de cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia. Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais.
2. Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
3. Cumprir os requisitos de PEME, nos termos regulados no Anexo I do Regulamento nº (CE) 800/2008, do 8 de agosto, da Comisión polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías):
  - Empregar a menos de 250 persoas.
  - Ter un volume de negocio anual que non exceda de 50 millóns de euros ou que o balanço xeral anual non exceda de 43 millóns de euros.
  - Cumprir o criterio de autonomía nos termos previstos na lexislación vixente.

Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais, para os promotores de proxectos produtivos de cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías que se desenvolvan no marco da medida 411 (Aumento da competitividade do sector agrario e forestal), e para os beneficiarios das axudas a proxectos non produtivos promovidos no marco das medidas 412 (Mellora do medio ambiente e do contorno rural) e 413 (Mellora da calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural).

Con respecto á medida 411 (Aumento da competitividade do sector agrario e forestal), no sector da transformación e comercialización de produtos agrarios, cando a transformación e/ou comercialización dea lugar a un produto incluído no Anexo I do Tratado, poderán ser beneficiarias, ademais das Pemes, as empresas intermedias. De acordo co Anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías, teñen a consideración de empresas intermedias as que empregan a menos de 750 persoas e teñen un volume de negocios anual inferior a 200 millóns de euros. No sector da transformación e comercialización de produtos forestais a condición de beneficiario restrínxese ás microempresas. De acordo co Anexo I do Regulamento xeral de exención por categorías, teñen a consideración de microempresas aquelas empresas que ocupan a menos de 10 empregados e cun volume de negocios anual ou un balance xeral anual que non supera os 2 millóns de euros.

**4.** Cumprir os demais requisitos que, en función da tipoloxía de proxectos, se especifican nas fichas de elixibilidade recollidas no Réxime de Axudas.

En todos os casos, os membros asociados do beneficiario/-a que se comprometan a efectuar, en nome e por conta deste, a totalidade ou parte das actividades que fundamenten a concesión terán tamén a consideración de beneficiarios/-as da subvención, polo que tamén deberán cumprir e acreditar os requisitos esixidos para cada tipo de beneficiario/-a.

En ningún caso se concederán axudas a empresas en crise, de acordo coa definición establecida para estas no artigo 1, apartado 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008 (Regulamento xeral de exención por categorías).

No marco das medidas amparadas no Regulamento xeral de exención por categorías, non se concederán axudas a favor de empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente logo dunha decisión previa da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

#### 4.- TIPOLOXÍA DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES

Con carácter xeral, os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación do programa de desenvolvemento rural.
- Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva.
- Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- Ser finalistas, é dicir, que á data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados os proxectos.
- Ter carácter innovador, entendendo innovación non só como innovación tecnolóxica, senón como a exploración de novos xeitos de enfrontarse aos retos de cada territorio.
- Que o investimento para o que se solicita a subvención non estea iniciado no momento da solicitude da axuda.

Os proxectos e actuacións subvencionables deberán contribuír a acadar algún dos obxectivos indicados a continuación:

##### **Medida 411 - Dinamización do sector agrario e forestal:**

- Investimentos no sector agrario. Proxectos de investimento en explotacións agrarias, coa finalidade de mellorar o seu rendemento global, nos seguintes supostos:
  - que impliquen a introdución de novas técnicas de produción a través de proxectos de experimentación susceptibles de difusión posterior,
  - os que teñan como obxectivo a recuperación de variedades tradicionais,
  - os relacionados co apoio a novas producións,
  - os que afecten a producións extensivas en áreas ambientalmente sensibles,
  - os que estean dirixidos a mellorar a eficiencia enerxética das explotacións,
  - os vinculados coa aplicación das TIC nas explotacións.
- Aumento do valor económico dos montes. Proxectos que impliquen a posta en valor de superficies de montes veciñais en man común ou de asociacións de propietarios, sempre que sexan actuacións singulares, excluindo as plantacións forestais regulares e os

tratamentos silvícolas asociados a elas. Mantemento e recuperación de sistemas pastorís en montes veciñais en man común.

- Aumento do valor engadido dos produtos agrarios e forestais.
- Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no sector agrario, alimentario e forestal.

**Medida 412 - Mellora ambiental e do contorno rural:**

- Investimentos non-productivos en explotacións agrarias.
- Investimentos non-productivos en espazos forestais.
- Investimentos non-productivos para a adecuación, recuperación e posta en valor do patrimonio natural no contorno rural.

**Medida 413 - Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida:**

- Diversificación das explotacións agrarias cara a actividades non agrarias.
- Creación, ampliación e modernización de Pemes.
- Fomento de actividades turísticas.
- Servizos básicos para a economía e a poboación rural.
- Renovación e desenvolvemento de poboacións rurais e conservación e mellora do patrimonio rural.
- Formación vinculada a proxectos subvencionados.

A porcentaxe máxima de subvención ao abeiro do Programa Leader, independentemente doutras axudas complementarias compatibles, é para os proxectos produtivos ata o 45%, e para os proxectos non produtivos de ata o 100%, dependendo da tipoloxía do proxecto.

**- Proxectos non produtivos de prioridade alta.** Intensidade de axuda ata o 100%:

- Servizos de igualdade e benestar á poboación, tales como centros de inclusión e emerxencia social, centros de integración, inserción ou inclusión socio laboral para discapacitados, escolas infantís, centros de maiores non dependentes (pisos tutelados, vivendas comunitarias, centros de día).
- Servizos de transporte adaptados en áreas de baixa densidade de poboación.
- Implantación de TICs no medio rural, tales como telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos a empresas ou á poboación en xeral.

**- Proxectos non produtivos de prioridade media.** Intensidade de axuda ata o 70%:

- Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural.
- Centros de promoción de recursos ou puntos de información turística.
- Rehabilitación e equipamento de edificios destinados a locais sociais.

**- Outros proxectos non produtivos.** Intensidade de axuda ata o 50%:

- Infraestrutura de lecer: ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio.
- Instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.
- Sinalización de recursos turísticos.
- Participación en certames, eventos, feiras, edición de libros, mapas, guías, páxinas web e concursos vinculados á valorización dos recursos do territorio.
- Instalacións hípicas ou cinexéticas.
- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos do territorio.

Terán a consideración de proxectos non produtivos aqueles que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter aqueles outros proxectos de interese público que, aínda constituíndo unha actividade económica ou estando afectos a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio municipal de que se trate e sempre que estean promovidos por unha entidade pública local ou unha entidade sen ánimo de lucro. Serán proxectos produtivos os demais.

O límite máximo de axuda por proxecto é de 250.000 €, dependendo da tipoloxía de proxectos regulada no Réxime de Axudas.

As axudas outorgadas van destinadas a investimentos de capital, perdurables no tempo, e non a gastos correntes ou de mantemento das actividades subvencionadas. Polo tanto, os promotores/-as teñen que comprometerse a manter a actividade e o emprego xerado

alomenos durante os cinco anos posteriores á liquidación da certificación final de pagamento. No Réxime de Axudas regúlase a subvencionabilidade dos gastos, o procedemento de concesión de axudas e a xustificación e pagamento das subvencións.

Con respecto á adecuación do proxecto á estratexia do programa de desenvolvemento rural definido polo GDR-18, dito grupo poderá describir con máis detalle os proxectos que desexa financiar, ou alomenos aqueles que mellor responden á estratexia do programa (por exemplo, listar definicións de proxectos elixibles). Do mesmo xeito, tamén poderá identificar que proxectos non desexa financiar, ou alomenos, que características poden converter a un proxecto en inelixible (por exemplo, listar definicións de proxectos non elixibles). O GDR-18 poderá establecer requisitos, ou esixencias previas, aos proxectos para ser elixibles, diferentes segundo a tipoloxía dos proxectos ou das axudas derivadas das tres medidas operativas do programa. As descrições máis detalladas de elixibilidade e os requisitos ou esixencias previas, serán aprobados a través dun proceso participativo, serán remitidas previamente a AGADER para a súa autorización, e serán publicadas a través dunha modificación formal da convocatoria de axudas.

## 5.- PRAZO, LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDA

**A convocatoria de axudas do Programa Leader 2007-2013 do GDR-18 estará aberta a efectos de admisión de solicitudes de axuda, en función da dispoñibilidade de fondos, entre os días 21 de decembro de 2009 e 1 de setembro de 2013, ambos dous inclusivos.**

En relación co proxecto ou actividade que pretendan realizar, os promotores deberán presentar no rexistro do GDR-18 a documentación que a continuación se relaciona:

1. Solicitud de axuda en triplicado exemplar, segundo [modelo normalizado](#).
2. Documentación (orixinal ou copia compulsada):
  - Documentación acreditativa da personalidade do/-a solicitante (DNI, NIF, CIF). De ser o caso, documentación acreditativa da personalidade do/-a representante e da acreditación da representación.
  - Declaración censal tributaria (Modelo 036 ou 037), ou compromiso de comunicar o inicio de actividade á AEAT cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.
  - Tratándose de persoas xurídicas, escritura de constitución e dos estatutos sociais, debidamente inscritos no rexistro correspondente.
  - Documentación acreditativa do requisito de Peme (ou de empresa intermedia, de ser o caso): últimas contas depositadas no rexistro correspondente e última memoria anual de actividades aprobada pola entidade, na que figure o número de persoas empregadas do último exercicio pechado, o volume de negocio e o balance anual, e informe da vida laboral da empresa emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, referido ao ano anterior ao da presentación da solicitude.
  - Declaración, en documento normalizado, doutras axudas concedidas e/ou solicitadas a outras entidades públicas e/ou privadas para o mesmo proxecto, con referencia, de ser o caso, ás axudas *de minimis*.

- Resumo do proxecto en [modelo normalizado](#). Se se estima conveniente, poderá achegarse unha memoria descritiva do proxecto referida á situación de partida, obxectivos perseguidos, metodoloxía de traballo, e outras explicacións necesarias para a súa comprensión, tendo en conta que esta documentación vaise tomar como referencia para valorar o cumprimento dos requisitos dos proxectos e para a súa baremación.
- Orzamento de gastos desagregado por partidas, con indicación, de ser o caso, daquelas que supoñan unha achega en especie, segundo [modelo normalizado](#).  
Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía dos 30.000 € no suposto de obra ou os 12.000 € en subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, deberanse xuntar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de acordo cos criterios de eficacia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. As entidades públicas de carácter local ou comarcal, na medida en que están suxeitas á Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, poderán documentar a elección da oferta máis vantaxosa xunto coa primeira solicitude de pagamento, achegando unha certificación das proposicións ou ofertas recibidas para a contratación de que se trate, xunto coa resolución ou acordo de adxudicación definitiva.
- Para proxectos produtivos, plan de empresa, coa xustificación da súa viabilidade económica financeira para un período mínimo de 5 anos, e para proxectos non produtivos, plan de xestión, segundo os [modelos normalizados](#).
- De ser o caso, documentación acreditativa de que o IVE é efectivamente soportado polo beneficiario e non recuperable.
- No suposto de investimentos no sector agrario, código de explotación agraria.
- Certificación da entidade financeira onde conste a identificación da conta bancaria.
- Calquera outra documentación ou información que o interesado considere interesante para a análise do proxecto.

Os [modelos normalizados](#) necesarios para a presentación da documentación referida estarán ao dispor dos interesados/-as nas oficinas do GDR-18.

**Asociación Grupo Desenvolvemento Rural MAIV – Baixo Miño**

Enderezo: Estrada de Peinador nº 41 – Tameiga – 36.416 Vigo

Teléfono: 986 44 30 30

Fax: 986 22 43 18

E-mail: [info@agdr18.org](mailto:info@agdr18.org)

Web: [www.agdr18.org](http://www.agdr18.org)

## 6.- FONDOS DISPONIBLES E CADRO FINANCEIRO DO PROGRAMA

O orzamento público para a aplicación do Programa Leader 2007-2013 no GDR-18 é o importe dos fondos públicos asignados no acordo do Consello de Dirección de Agader do 23 de decembro de 2008. O citado orzamento constitúe o marco financeiro en relación ao que o GDR-18 seleccionará proxectos para o cumprimento dos obxectivos do programa. Así mesmo, serve de base para o cálculo dos gastos de funcionamento e dos gastos vinculados ás actuacións de adquisición de capacidades e de promoción do territorio.

O importe total do devandito orzamento poderá variar como consecuencia da asignación da reserva de eficacia (segundo o previsto na epígrafe VII das bases reguladoras da selección de programas de desenvolvemento rural e de entidades colaboradoras), das modificacións do PDR de Galicia, de reprogramacións do programa do GDR-18, da redistribución de fondos entre programas dos GDR de Galicia, do incumprimento da regra comunitaria N+2 ou doutros supostos regulados.

O cadro financeiro vixente do Programa Leader 2007-2013 para o GDR-18 é o seguinte:

MEDIDA	Tipo Proxectos	GASTO PÚBLICO PROGRAMA LEADER 2007/2013 (GDR-18)						
		2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL
<b>411. Dinamización do sector agrario e forestal</b>	Productivos	100.371,37	196.062,34	197.436,77	205.979,30	204.648,36	202.763,23	<b>1.107.261,37</b>
<b>412. Mellora medioambiental e do contorno rural</b>	Non productivos	20.074,27	39.212,47	39.487,35	41.195,86	40.929,67	40.552,65	<b>221.452,27</b>
<b>413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida</b>	Productivos	200.742,74	392.124,68	394.873,54	411.958,60	409.296,72	405.526,45	<b>2.214.522,74</b>
	Non productivos	80.297,10	156.849,87	157.949,42	164.783,44	163.718,69	162.210,58	<b>885.809,09</b>
	TOTAL	281.039,83	548.974,56	552.822,96	576.742,04	573.015,41	567.737,03	<b>3.100.331,83</b>
<b>TOTAL ESTRATEXIA</b>	Productivos	301.114,11	588.187,03	592.310,32	617.937,90	613.945,08	608.289,68	<b>3.321.784,10</b>
	Non productivos	100.371,37	196.062,34	197.436,77	205.979,30	204.648,36	202.763,23	<b>1.107.261,37</b>
	TOTAL	401.485,48	784.249,37	789.747,09	823.917,19	818.593,44	811.052,90	<b>4.429.045,47</b>
<b>431. Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial</b>	Funcionamento	64.237,68	125.479,90	126.359,53	131.826,75	130.974,95	129.768,46	<b>708.647,28</b>
	Promoción	16.059,42	31.369,97	31.589,88	32.956,69	32.743,74	32.442,12	<b>177.161,82</b>
	TOTAL	80.297,10	156.849,87	157.949,42	164.783,44	163.718,69	162.210,58	<b>885.809,09</b>
<b>TOTAL PROGRAMA</b>		481.782,57	941.099,24	947.696,51	988.700,63	982.312,13	973.263,48	<b>5.314.854,56</b>
<b>FINANCIAMENTO FEADER →</b>								<b>3.059.230,29</b>
<b>FINANCIAMENTO AXE →</b>								<b>1.138.391,47</b>
<b>FINANCIAMENTO AGADER →</b>								<b>1.117.232,80</b>

Nota: Importes en euros.

## 7.- BAREMO PARA A AVALIACIÓN DOS PROXECTOS

Unha vez que o promotor presente no GDR-18 a súa solicitude de axuda, xunto coa documentación necesaria e requirida, o equipo técnico procederá a elaborar o Informe de Control de Elixibilidade (ICE) co resultado da avaliación e baremación do proxecto. O ICE informará de se o proxecto é elixible e da súa puntuación total para a posterior asignación da porcentaxe de axuda.

Para a realización do ICE aplicárase o baremo aprobado por AGADER con data 16 de decembro de 2009 e que se presenta a continuación. Existe un baremo diferenciado para proxectos produtivos e para proxectos non produtivos:

BAREMO	ACTIVIDADES PRODUTIVAS	ACTIVIDADES NON PRODUTIVAS
<b>UBICACIÓN XEOGRÁFICA</b>	40 Puntos (Baremación Conxunta)	
<b>CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR DO PROXECTO</b>	10 Puntos	20 Puntos
<b>ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO PROXECTO</b>		
<b>INCIDENCIA NO EMPREGO</b>	25 Puntos	
<b>IMPACTO SOBRE O TERRITORIO</b>	25 Puntos	40 Puntos
<b>TOTAL CRITERIOS →</b>	<b>100 Puntos</b>	<b>100 Puntos</b>

O baremo para a avaliación dos proxectos poderá modificarse ou adaptarse. Calquera modificación será aprobada a través dun proceso participativo, será remitida previamente a AGADER para a súa autorización, e será publicada a través dunha modificación formal da convocatoria de axudas.

**BAREMACIÓN CRITERIOS UBICACIÓN XEOGRÁFICA (40 puntos)**  
**Actividades Produtivas e Actividades Non Produtivas**

<b>PUNTUACIÓN BAREMACIÓN CRITERIOS UBICACIÓN XEOGRÁFICA (40 puntos)</b>		
<b>GDR-18 LEADER 2007/2013 (ACTIVIDADES PROD. &amp; NON PROD.)</b>		
<b>1. CARACTERÍSTICAS ECONÓMICAS CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (10 puntos)</b>		
<b>1. IMRF 2002 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (10 puntos)</b>		
<b>CONCELLO</b>	<b>INDICADOR MUNICIPAL RENDA FOGARES (IMRF - 2002)</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
BAIONA	94	4,00
FORNELOS DE MONTES	63	10,00
GUARDA, A	86	6,00
GONDOMAR	94	4,00
MOS	97	4,00
NIGRÁN	101	0,00
OIA	98	4,00
PAZOS DE BORBÉN	78	10,00
PORRIÑO, O	97	4,00
REDONDELA	100	4,00
ROSAL, O	86	6,00
SOUTOMAIOR	95	4,00
TOMIÑO	89	6,00
TUI	95	4,00
VIGO	111	0,00

FORNTE: IGE.

\*Concellos cun IMRF inferior ou igual ao 80% da media galega: 10 puntos.

\*Concellos cun IMRF maior do 80% e menor ou igual ao 90%: 6 puntos.

\*Concellos cun IMRF maior do 90% e menor ou igual ao 100%: 4 puntos.

\*Concellos cun IMRF maior do 100%: 0 puntos.

<b>PUNTUACIÓN BAREMACIÓN CRITERIOS UBICACIÓN XEOGRÁFICA (40 puntos)</b>		
<b>GDR-18 LEADER 2007/2013 (ACTIVIDADES PROD. &amp; NON PROD.)</b>		
<b>2. CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (10 puntos)</b>		
<b>2.1. DENSIDADE POBOACIÓN 2007 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (3 puntos)</b>		
<b>CONCELLO</b>	<b>DENSIDADE POBOACIÓN 2007 (habitantes por kilómetro cuadrado)</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
BAIONA	343,16	1,00
FORNELOS DE MONTES	24,50	3,00
GUARDA, A	505,17	0,00
GONDOMAR	179,48	2,00
MOS	272,01	1,00
NIGRÁN	507,70	0,00
OIA	37,92	3,00
PAZOS DE BORBÉN	62,90	3,00
PORRIÑO, O	273,61	1,00
REDONDELA	575,57	0,00
ROSAL, O	145,17	2,00
SOUTOMAIOR	252,20	1,00
TOMIÑO	118,68	2,00
TUI	248,14	1,00
VIGO	2.701,85	0,00

FONTE: IGE.

\*Concellos cunha densidade poboación inferior a 100: 3 puntos.

\*Concellos cunha densidade poboación igual ou superior a 100 e menor de 200: 2 puntos.

\*Concellos cunha densidade poboación igual ou superior a 200 e menor de 500: 1 puntos.

\*Concellos cunha densidade poboación igual ou superior a 500: 0 puntos.



<b>PUNTUACIÓN BAREMACIÓN CRITERIOS UBICACIÓN XEOGRÁFICA (40 puntos)</b>		
<b>GDR-18 LEADER 2007/2013 (ACTIVIDADES PROD. &amp; NON PROD.)</b>		
<b>2. CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (10 puntos)</b>		
<b>2.3. ÍNDICE ENVELLECIMENTO 2007 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (4 puntos)</b>		
<b>CONCELLO</b>	<b>ÍNDICE ENVELLECIMENTO 2007 (%)</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
BAIONA	79,60	1,00
FORNELOS DE MONTES	189,40	4,00
GUARDA, A	102,73	4,00
GONDOMAR	70,87	0,00
MOS	84,25	2,00
NIGRÁN	78,56	1,00
OIA	136,21	4,00
PAZOS DE BORBÉN	141,68	4,00
PORRIÑO, O	71,51	0,00
REDONDELA	88,41	2,00
ROSAL, O	102,84	4,00
SOUTOMAIOR	93,08	3,00
TOMIÑO	91,34	3,00
TUI	88,49	2,00
VIGO	94,02	3,00

FORNTE: IGE.

- \*Concellos cun índice de envellecemento igual ou superior a 100: 4 puntos.
- \*Concellos cun índice de envellecemento igual ou superior a 90 e menor a 100: 3 puntos.
- \*Concellos cun índice de envellecemento igual ou superior a 80 e menor a 90: 2 puntos.
- \*Concellos cun índice de envellecemento igual ou superior a 75 e menor a 80: 1 puntos.
- \*Concellos cun índice de envellecemento inferior a 75: 0 puntos.

PUNTUACIÓN BAREMACIÓN CRITERIOS UBICACIÓN XEOGRÁFICA (40 puntos) GDR-18 LEADER 2007/2013 (ACTIVIDADES PROD. & NON PROD.)			
3. TAMAÑO NÚCLEO OU ENTIDADE POBOACIÓN LOCALIZACIÓN PROXECTO (10 puntos)			
3. POBOACIÓN 2007 PARROQUIA LOCALIZACIÓN PROXECTO (10 puntos)			
CONCELLO	PARROQUIAS	POBOACIÓN 2007 PARROQUIA (Nº Habitantes)	PUNTUACIÓN
BAIONA	Baíña	1.775	3,00
	Baredo	1.085	3,00
	Baiona (Santa María de Fora)	1.925	3,00
	<b>NON ELIXIBLE =&gt; Baiona (Santa María)</b>	2.930	0,00
	Belesar	1.180	3,00
	Santa Cristina de Ramallosa	2.944	0,00
FORNELOS DE MONTES	A Laxe	108	10,00
	As Estacas	163	10,00
	Calvos	381	8,00
	Fornelos de Montes	652	5,00
	Oitavén	183	10,00
	Traspielas	314	8,00
	Ventín	235	10,00
GUARDA, A	A Guarda <b>NON ELIXIBLE =&gt; A Guarda</b>	6.184	0,00
	Camposancos	1.104	3,00
	Salcidos	3.068	0,00
GONDOMAR	Borreiros	1.220	3,00
	Couso	429	8,00
	Chaín	817	3,00
	Donas	1.406	3,00
	Gondomar	3.236	0,00
	Mañufe	1.311	3,00
	Morgadáns	1.242	3,00
	Peitieiros	896	3,00
	Vilaza	812	3,00
	Vincios	2.002	3,00
	MOS	Cela	1.317
Dornelas		667	5,00
Guizán		868	3,00
Louredo		1.347	3,00
Mos		1.517	3,00
Pereiras		1.373	3,00
Petelos		1.349	3,00
Sanguiñeda		1.640	3,00
Tameiga		3.085	0,00
Torroso	1.308	3,00	

3. TAMAÑO NÚCLEO OU ENTIDADE POBOACIÓN LOCALIZACIÓN PROXECTO (10 puntos)			
3. POBOACIÓN 2007 PARROQUIA LOCALIZACIÓN PROXECTO (10 puntos)			
CONCELLO	PARROQUIAS	POBOACIÓN 2007 PARROQUIA (Nº Habitantes)	PUNTUACIÓN
NIGRÁN	Camos	1.430	3,00
	Chandebrito	508	5,00
	Nigrán	3.575	0,00
	Panxón	3.915	0,00
	Parada	1.166	3,00
	Priegue	2.262	3,00
	A Ramallosa	4.812	0,00
OIA	Burgueira	448	8,00
	Loureza	454	8,00
	Mougás	655	5,00
	Oía	706	5,00
	Pedornes	405	8,00
	Viladesuso	491	8,00
PAZOS DE BORBÉN	Amoedo	522	5,00
	Borbén	549	5,00
	Cepeda	211	10,00
	A Ermida	116	10,00
	Moscoso	468	8,00
	Nespereira	794	5,00
	Pazos	355	8,00
	Xunqueiras	130	10,00
PORRIÑO, O	Atios	2.219	3,00
	Budiño	1.987	3,00
	Cans	443	8,00
	Chenlo	532	5,00
	Mosende	841	3,00
	Pontellas	1.352	3,00
	O Porriño <b>NON ELIXIBLE =&gt; O Porriño</b>	5.421	0,00
	Torneiros	3.950	0,00
REDONDELA	Cabeiro	743	5,00
	Cedeira	2.042	3,00
	Cesantes	3.353	0,00
	Chapela <b>NON ELIXIBLE =&gt; Angorén e Laredo</b>	7.658	0,00
	Negros	513	5,00
	Quintela	690	5,00
	Reboreda	2.234	3,00
	<b>NON ELIXIBLE =&gt; Redondela</b>	7.436	0,00
	Saxamonde	794	5,00
	Trasmañó	1.070	3,00
	Ventosela	714	5,00
	Vilar de Infesta	1.241	3,00
O Viso	1.499	3,00	

3. TAMAÑO NÚCLEO OU ENTIDADE POBOACIÓN LOCALIZACIÓN PROXECTO (10 puntos)			
3. POBOACIÓN 2007 PARROQUIA LOCALIZACIÓN PROXECTO (10 puntos)			
CONCELLO	PARROQUIAS	POBOACIÓN 2007 PARROQUIA (Nº Habitantes)	PUNTUACIÓN
ROSAL, O	As Eiras	239	10,00
	O Rosal	4.480	0,00
	S. Miguel de Tabagón	1.049	3,00
	Tabagón	634	5,00
SOUTOMAIOR	Arcade <b>NON ELIXIBLE =&gt; A Calle</b>	4.059	0,00
	Soutomaior	2.246	3,00
TOMIÑO	Amorín	1.117	3,00
	Barrantes	900	3,00
	Currás	313	8,00
	Estás	454	8,00
	Figueiró	513	5,00
	Forcadela	698	5,00
	Goián	1.896	3,00
	Pinzás	156	10,00
	Piñeiro	352	8,00
	San Salvador de Tebra	323	8,00
	Sobrada	901	3,00
	Taborda	529	5,00
	Tebra	839	3,00
	Tomiño	3.247	0,00
Vilameán	413	8,00	
TUI	Areas	788	5,00
	Baldráns	452	8,00
	Caldelas de Tui	805	3,00
	Guillarei	2.074	3,00
	Malvas	375	8,00
	Paramos	584	5,00
	Pazos de Reis	1.159	3,00
	Pexegueiro	496	8,00
	Randufe	2.076	3,00
	Rebordáns	1.250	3,00
	Ribadelouro	959	3,00
<b>NON ELIXIBLE =&gt; Tui</b>	5.930	0,00	

3. TAMAÑO NÚCLEO OU ENTIDADE POBOACIÓN LOCALIZACIÓN PROXECTO (10 puntos)			
3. POBOACIÓN 2007 PARROQUIA LOCALIZACIÓN PROXECTO (10 puntos)			
CONCELLO	PARROQUIAS	POBOACIÓN 2007 PARROQUIA (Nº Habitantes)	PUNTUACIÓN
VIGO	Alcabre	3.335	0,00
	Beade	5.435	0,00
	Bembrive	4.330	0,00
	Cabral	6.773	0,00
	Candeán	4.785	0,00
	Castrelos <b>NON ELIXIBLE =&gt; Pereiró</b>	7.772	0,00
	San Andrés de Comesaña	3.716	0,00
	Coruxo	5.360	0,00
	Freixeiro <b>NON ELIXIBLE =&gt; Freixeiro</b>	6.093	0,00
	Lavadores <b>NON ELIXIBLE =&gt; A Bagunda, A Ceboleira e Pardavila</b>	17.176	0,00
	Matamá	4.047	0,00
	Navia	2.733	0,00
	Oia	3.968	0,00
	Sárdoma	2.098	3,00
	Saiáns	1.145	3,00
	Teis	2.301	3,00
	Valladares	5.409	0,00
	Vigo <b>NON ELIXIBLE =&gt; Vigo</b>	207.502	0,00
Zamáns	791	5,00	

FONTE: IGE.

\*Parroquias con menos de 300 habitantes: 10 puntos.

\*Parroquias con 300 ou máis habitantes pero menos de 500 habitantes: 8 puntos.

\*Parroquias con 500 ou máis habitantes pero menos de 800 habitantes: 5 puntos.

\*Parroquias con 800 ou máis habitantes pero menos de 2.500 habitantes: 3 puntos.

\*Parroquias con 2.500 ou máis habitantes: 0 puntos.

<b>PUNTUACIÓN BAREMACIÓN CRITERIOS UBICACIÓN XEOGRÁFICA (40 puntos)</b>			
<b>GDR-18 LEADER 2007/2013 (ACTIVIDADES PROD. &amp; NON PROD.)</b>			
<b>4. OUTROS CRITERIOS XEOGRÁFICOS LOCALIZACIÓN PROXECTO (10 puntos)</b>			
<b>4.1. CONCELLO e PARROQUIA COSTEIRA / NON COSTEIRA LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)</b>			
<b>CONCELLO</b>	<b>PARROQUIAS</b>	<b>CONCELLO e PARROQUIA COSTEIRA / NON COSTEIRA</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
BAIONA	Baíña	Parroquia con costa	0,00
	Baredo	Parroquia con costa	0,00
	Baiona (Santa María de Fora)	Parroquia con costa	0,00
	<b>NON ELIXIBLE =&gt; Baiona (Santa María)</b>		
	Belesar	Concello con costa pero parroquia non	3,00
	Santa Cristina de Ramallosa	Parroquia con costa	0,00
FORNELOS DE MONTES	A Laxe	Concello sen costa	5,00
	As Estacas	Concello sen costa	5,00
	Calvos	Concello sen costa	5,00
	Fornelos de Montes	Concello sen costa	5,00
	Oitavén	Concello sen costa	5,00
	Traspielas	Concello sen costa	5,00
	Ventín	Concello sen costa	5,00
GUARDA, A	A Guarda <b>NON ELIXIBLE =&gt; A Guarda</b>	Parroquia con costa	0,00
	Camposancos	Parroquia con costa	0,00
	Salcidos	Parroquia con costa	0,00
GONDOMAR	Borreiros	Concello sen costa	5,00
	Couso	Concello sen costa	5,00
